

Descrición Decreto: APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN PARA CONTRATACIÓN TEMPORAIS DE AUXILIAR/ES DE RADIO MUNICIPAL. EXP: 2025/E001/000008

DON XOÁN XESÚS CARRIL RAMOS, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA (A CORUÑA)

Visto decreto do alcalde de nº 538/2025 de data 14/07/2025 , sendo o seu contido o seguinte

“Visto que na Xunta de Goberno Local de data 19/06/2025, aprobáronse a bases que rexerán a selección por oposición do persoal para formación dunha bolsa de emprego para contratacións temporais auxiliar/es de radio municipal.

Ditas bases foron publicadas no BOP da Coruña nº 123 de data 1 de xullo de 2025, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Arzúa ese mesmo día.

*Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e en uso das facultades outorgadas polo artigo 21 da Lei 7/1985 Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:***

PRIMEIRO.- Aprobamos as listas provisionais de aspirantes admitidos e a de aspirantes excluídos, do xeito seguinte:

Admitidos provisionalmente:

Nº	Nome e apelidos	DNI	CELGA 3 ou equivalente
1	MARTA VÁZQUEZ AGRA	***3479**	SI
2	DAVID MARANTE MANTEIGA	***0405**	SI
3	LORENA VÁZQUEZ CODESIDO	***0541**	SI

Excluídos/as provisionalmente:

Nº	Nome e apelidos	DNI	CELGA	Causa exclusión
1	DIEGO MORCILLO PITA	***2528**	NON	Non presenta: -DNI -PROGRAMACION PREVISTA NA BASE 10.1

SEGUNDO: Os aspirantes **excluídos** provisionalmente disporán dun prazo de **10 días hábiles** a partir do seguinte ao da publicación deste Decreto no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, para emendar os defectos que motivaron a súa exclusión.

TERCEIRO: Publicar este decreto no Taboleiro de anuncios do Concello de Arzúa (<https://sede.concellodearzua.com/opencms/es/informacion>)”

Visto que en dito decreto se detectou o seguinte erro: Que aparece como excluído provisionalmente Diego Morcillo Pita con DNI ***2528** e debería aparecer como excluído definitivamente, xa que a presentación da programación prevista na Base 10.1, debería presentarse coa instancia no prazo concedido de 5 días hábiles, non podéndose subsanar a posteriori, porque non se pode conceder un

segundo prazo para presentar a programación.

En virtude do artigo 109 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común de las Administraciones Públicas

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva de aspirantes admitidos e a de aspirantes excluídos, do xeito seguinte:

Admitidos definitivamente

Nº	Nome e apelidos	DNI	CELGA 3 ou equivalente
1	MARTA VÁZQUEZ AGRA	***3479**	SI
2	DAVID MARANTE MANTEIGA	***0405**	SI
3	LORENA VÁZQUEZ CODESIDO	***0541**	SI

Excluídos/as definitivamente:

Nº	Nome e apelidos	DNI	Causa exclusión definitiva
1	DIEGO MORCILLO PITA	***2528**	Non presenta A PROGRAMACION PREVISTA NA BASE 10.1 a cal deberíase presentar coa instancia, non podendo concederlle un segundo prazo, porque é unha documentación que non se pode subsanar a posteriori.

SEGUNDO: Nomear os seguintes membros do Tribunal cualificador que levará a cabo o proceso selectivo, conforme a base novena:

Presidente. Armando Cascón Rodríguez, director radio Arzúa.

Vogais:

Jose Ramon Bernardez Sexto, auxiliar radio Arzúa

Luis Fole Barrio, arquitecto técnico municipal Arzua

Ramon Torreiro González, encargado da biblioteca municipal Arzúa

Secretaria. Irene Couselo del Río. Auxiliar administrativa do Concello de Arzúa

TERCEIRO : Convocar os membros do Tribunal avaliador, para que concorran ás instalacións de radio Arzúa sitas na rúa Padre Pardo, 33-1º o día 21 de xullo de 2025 as 09:00 h co obxecto de proceder a súa constitución e realización da proba teorica.

Valorada dita proba teórica, faranse públicas as puntuacións unha vez rematada a exposición de todos os aspirantes, levándose a cabo a proba practica ese mesmo día cos aspirantes que superaron a proba teorica (min. 5 puntos), as 9.35 h.

CUARTO.- Publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello este decreto



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

En Arzúa, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe

O Alcalde-Presidente

Dou fe, o secretario

Asdo: XOÁN XESÚS CARRIL RAMOS

Asdo: ALFONSO M. ALCALÁ PÉREZ